

NO CENTRO DE SAÚDE

COMO ACTUAR
CUNHA PERSOA CON
DEMENCIA



POR SOLIDARIDAD
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL



Nos centros de saúde débense crear ambientes amigables e de apoio con persoas con demencia que lles sexan favorables e eviten o seu malestar.

Que situacións poden ocorrer?

- Desorientación por non coñecer o lugar no que están.
- Ansiedade polo tempo de espera.
- Estrés pola ruptura das súas rutinas.
- Nerviosismo por estar con máis persoas na sala de espera.
- Intranquilidade por non comprender que fan alí.
- Inquietudanza debido á súa enfermidade.
- Malestar por non recoñecer o lugar no que están.

Como podemos actuar?

Persoal de recepción ou administración

- Selecciona un ambiente axeitado para a sala de espera, se é preciso separado doutras persoas.
- Tenta reducir ao máximo o tempo de espera para o acceso á consulta.

Persoal de atención directa

RECEPCIÓN E AMBIENTE

- Selecciona un ambiente axeitado, tranquilo e accesible para a consulta.
- Evita que tanto a persoa con alzhéimer como a familia teñan contacto e proximidade con outras persoas se isto é motivo de ansiedade ou estrés.
- Tenta reducir ao máximo o tempo de espera para o acceso á consulta.
- Favorece o acompañamento familiar da persoa enferma en todo momento (en urxencias, probas diagnósticas, etc.)



COMUNICACIÓN

- Preséntate e dálle mostras de que estás seguro na túa compañía.
- Informa o binomio familiar-persoa con demencia na consulta, adaptando a mensaxe e o contacto ao perfil da persoa con demencia, sobre todo se é nova.
- Diríxete á persoa con demencia, non a trates coma se fose un neno pequeno. Pregúntalle primeiro a ela que lle pasa, que lle doe, como está (antes de dirixirte ao seu familiar ou acompañante coma se ela non estivese ou se non fose importante o que che ten que contar).
- Escoita a persoa, observa as súas reaccións.
- Adapta a comunicación a cada persoa e á fase da enfermidade na que estea.
- Coida especialmente o momento do primeiro diagnóstico, reserva o tempo necesario para dar a información oportuna. É un golpe brutal para calquera persoa e require un momento delicado de atención, escoita e desafogo.
- Crea un respecto positivo incondicional.
- Infórmaa de xeito claro e comprensible sobre a enfermidade, os seus síntomas, manifestacións, evolución e recursos.
- Dálle tranquilidade e confianza, e indícalle que o sistema de saúde está aí para atendela.

RECOMENDACIÓNS

- Informa sobre os aspectos éticos e legais, e onde dirixirse. Por exemplo, sobre aspectos anticipados ou o testamento vital.
- Informa sobre a posibilidade de preguntar ao traballador social do centro de saúde sobre as prestacións e servizos aos que poden acceder (por exemplo, a valoración da dependencia).
- Apoia tanto á persoa con demencia como á persoa cuidadora familiar ao longo da enfermidade.
- Incide en que se avance cara a unha historia clínica sociosanitaria.
- Realiza probas de cribado para favorecer a derivación ao especialista.
- Non subestimes os seus síntomas ou tratamento (tanto en relación coa demencia como en calquera outra enfermidade ou doenza) polo feito de ser unha persoa maior ou por ter diagnosticada unha demencia.
- Podes dar información á familia sobre as asociacións de familiares para que poidan atopar un espazo no que se lles axude a entender a enfermidade.





Más información:
www.ceafa.es/entornos-amigables

CONTORNAS AMIGABLES
E SOLIDARIAS COAS
D E M E N C I A S



**CONFEDERACIÓN
ESPAÑOLA DE
ALZHEIMER**